



# BOP

MÉRCORES, 7 DE NOVEMBRO DE 2018 N.º 255

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución de 23 de outubro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Sarria. (expediente IN407A 2018/16-2-8623-AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A
- Domicilio social: A Batundeira, Velle, Ourense
- Denominación: CT, RBT Lugar de Nocellas
- Situación: concello de Sarria
- Características técnicas:
  - Substitución do transformador existente (50 KVA) no CT 27AR43 Nocellas por outro de 100KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V.
  - RBT soterrada proxectada do CTI Nocellas, formada por tres tramos con orixe na RBT aérea e final na CXP do solicitante, cunha lonxitude de 176 metros en conductor tipo XZ1-150Al.
  - RBT aérea proxectada do CTI Nocellas, formada por tres tramos con orixe no CTI proxectado e final na CXP do solicitante, cunha lonxitude de 588 metros en conductor tipo RZ-150Al.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 23 de outubro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 3038

## CONCELLOS

### CASTRO DE REI

#### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 29 de outubro de 2018 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 2º trimestre de 2018, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 31 de outubro e o 31 de decembro de 2018, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 29 de outubro de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3039

## COSPEITO

#### *Anuncio*

#### Modificación do calendario fical para o exercicio 2018

O 29 de outubro de 2018, a alcaldía dictou unha resolución mediante a que aproba a modificación do calendario fical correspondente ao exercicio 2018 nos seguintes termos:

“**PRIMEIRO.**- Aprobar a modificación puntual do calendario fical do contribuínte do exercicio 2018 fixando un novo período voluntario de ingreso da taxa polo servizo de abastecemento de auga, servizo de sumidoiros, servizo de recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga conforme ao seguinte detalle:

Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Taxas abastecemento de auga. Taxas servizo de sumidoiros Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo <i>Canon autonómico de auga</i>	3º T 2018	13/11/2018	13/01/2019

**SEGUNDO.** Esta modificación do calendario é susceptible de impugnación en vía contencioso –administrativa polos que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

**TERCEIRO.** Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.”

Cospeito a 30 de outubro de 2018.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3040

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓNS PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA OUTUBRO 2018**

Por Xunta de Goberno Local do día 29.10.2018 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de outubro de 2018.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exoranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 05.11.2018 ata o 7.01.2019.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2018.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3041

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada con data de 31/10/2018 o expediente de baixas de dereitos recoñecidos pendentes de cobro e obrigas recoñecidas pendentes de pago procedentes de exercicios pechados, exponse o público, polo prazo de vinte días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Monterroso, 02 de novembro de 2018.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Miguel Rico Gómez.

R. 3081

---

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada con data de 31/10/2018 o expediente de baixa de contas non orzamentarias procedentes de exercicios pechados, exponse o público, polo prazo de vinte días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Monterroso, 02 de novembro de 2018.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Miguel Rico Gómez.

R. 3082

---

*Anuncio***Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión extraordinaria realizada o pasado 31 de outubro de 2018, a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga e da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e de depuración do Concello de Monterroso para o exercicio 2019, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 2 de novembro de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 3083

**A PONTENOVA***Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE. EXERCICIOS 2015 E 2016.**

Por Resolución de alcaldía de data vinte de dous de outubro de 2018, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra esta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso - administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública das listaxes.

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público das taxas por pasaxes permanentes, padrón ano 2015 e padrón ano 2016, dende o 29/10/2018 ata o 29/12/2018, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria ES78-2080-0137-41-3110000025 que este Concello ten aberta na oficina de ABANCA, sucursal de A Pontenova.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova vinte e dous de outubro de dous mil dezaioito.

O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3042

*Anuncio*

Polo Sr. Alcalde - Presidente do Concello da Pontenova (Lugo) ditouse a Resolución número 2018-0326 de 29/10/2018, que literalmente se transcribe; dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

**DON DARIO CAMPOS CONDE, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DA PONTENOVA (LUGO)**

Vista a necesidade de ausentarme do Concello por período vacacional dende o 31 de outubro ata o 9 de novembro de 2018, ambos inclusive; e de conformidade co disposto nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Delegar as funcións de Alcalde da Pontenova dende 31 de outubro ata o 9 de novembro de 2018, ambos inclusive, no 2º Tenente de Alcalde Don Francisco Martínez Bermúdez. A publicación regulamentaria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo non obsta á efectividade do que se acorda.

**Segundo.** Dar conta da presente resolución ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decreta, manda e asina, no seu despacho oficial do concello da Pontenova, o señor alcalde don Darío Campos Conde, o día vinte e nove de outubro de dous mil dezaioito, do que como secretario, certifico.

O alcalde, Darío Campos Conde. Ante min, O secretario – interventor, Juan Hernando Rosa Ruíz

A Pontenova, 30 de outubro de 2018.- O Alcalde – Presidente, Darío Campos Conde.

R. 3068

## XERMADE

### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2018 aprobáronse as bases que de seguido se transcriben:

**“BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS PARA REALIZAR TRABALLOS DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS, AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO PERTENCENTE AO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación de dous (2) peóns de edificación e obras públicas, ao 75% da xornada (30 horas semanais).

Serán funcións principais a desempeñar polo/a contratado/a a de mantemento e limpeza de espazos públicos.

#### **2.- MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.**

As prazas son de persoal funcionario interino por execución de proxectos de carácter temporal (art. 10.1.c) do RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Encádranse no proxecto nomeado “Depuemprego” financiado pola Deputación de Lugo, que finaliza o 30 de setembro de 2019.

A duración dos contratos será, nun caso de 10 meses como máximo, e no outro caso de 6 meses, ou ata o 30 de setembro de 2019 nos dous casos.

O posto pertence a Agrupación profesional E. O complemento de destino é o 14 e o complemento específico é de 2007,41 euros (en 14 pagas). As retribucións mensuais serán de 974,03 euros brutos (incluída a prorrata da paga extra).

#### **3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos.:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Titulación esixida: non se esixe.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo C.
- g) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 1 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame).
- h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada.

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### 4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o **modelo previsto no Anexo II das bases de selección**, ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Xermade, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas (neste caso, deberá comunicarse previamente mediante fax ao número 982501027), no prazo de cinco **(5) días naturais**, contados dende o seguinte ao da **publicación da convocatoria no BOP**. As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

##### Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante ou de mellora de emprego
- c) Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

##### Forma de acreditación dos méritos:

- a) Experiencia Profesional e Servizos Prestados en postos de traballo cuxo contido funcional sexa idéntico ao emprego convocado: Acreditarse mediante presentación de Informe de Vida Laboral e copia simple dos contratos de traballo ou nóminas (experiencia en empresas privadas) e contrato de traballo ou certificación de servizos acreditativa emitida polas administracións públicas.
- b) A situación persoal acreditaranse achegando fotocopia simple dos documentos oficiais que os acrediten.

#### 5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o **concurso-oposición**.

##### 5.1.- Fase de oposición: Puntuación máxima 7 puntos.

- a) **Proba teórica:** Realizarase un exame tipo test común para todos os postos aos que opte o aspirante en base ao temario que figura no **Anexo I**. Terá carácter eliminatorio.

A puntuación máxima da proba será de **3 puntos**.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test baseadas no contido do programa da convocatoria que figura como **Anexo I** das presentes bases.

Será necesario obter unha puntuación de 1,5 puntos para superar esta proba, que ten carácter eliminatorio.

- b) **Proba práctica:** A puntuación máxima desta proba será de **4 puntos**.

Realizarase xusto despois do exame tipo test, e nela participarán aquelas persoas que superaran a proba tipo test, segundo o criterio do tribunal. Consistirá na realización dunhas tarefas básicas con maquinaria necesaria para o desempeño das funcións do posto. Se o tribunal o cree necesario poderá realizar unhas preguntas tipo test.

Será necesario obter unha puntuación de 2,00 puntos para superar esta proba. Tamén terá carácter eliminatorio.

##### 5.2.- Fase de concurso: Méritos computables: (3 puntos).

Unicamente se valorarán os méritos daquelas persoas que superaran a fase de oposición.

###### 1.a) Experiencia profesional e servizos prestados: A puntuación máxima para este apartado é **de 2 punto**.

- Por prestación de servizos en concellos, en igual posto de traballo ao convocado ( peón condutor) : **0,10 puntos/mes completo**.

- Por prestación de servizos noutras administracións públicas ou empresas privadas, en igual posto de traballo ao convocado (peón de edificación e obras públicas) : **0,05 puntos/mes completo**.

###### 1.b) Terase en conta aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. A puntuación máxima para este apartado é de 1 punto.

- Parados/as de longa duración ( **0,2 ptos**)
- Persoas con discapacidade (**0,2 ptos**)
- Persoas vítimas de violencia de xénero (**0,2**)
- Mulleres maiores de 45 anos (**0,2**)
- Maiores de 45 anos (**0,2**)

### **5.3.- Proba de galego.**

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.*

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado no apartado 3.f desta bases, deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente:

- a) Na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán, ou
- b) Nunha proba oral se nas funcións a realizar se emprega o galego maioritariamente na súa forma oral. Esta proba oral só se poderá realizar se o nivel de Galego esixido e o Celga 1, Celga 2, niveis equivalentes da Escola Oficial de Idiomas ou Curso de Iniciación da lingua galega.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

## **6.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

### **6.1.- Desenvolvemento:**

Por resolución da alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos, a composición do tribunal e a data do exame, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello,.

**A realización dos exercicios do exame terá lugar no día e datas sinalados na publicación da lista definitiva na nave do concello no Parque Empresarial de Xermade.**

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e dos **medios materiais apropiados para realizar as probas (bolígrafo, roupa e zapato cómodo para a práctica)** e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

A puntuación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

### **6.2.- Tribunal cualificador:**

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía – Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, alomenos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a presidencia e a secretaría ou persoas en que deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 de lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por elas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou os procesos selectivos un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

## **7.- PROPOSTAS DE SELECCIÓN.**

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde – Presidente dita relación para a súa aprobación.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación, sendo o contrato de 10 meses para o que teña maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que, sen ser seleccionados,

aprobaron todas as probas coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

#### **8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo máximo de dous días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de anuncios do concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente cotexados.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos termos o acceso ao emprego público.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.

#### **9.- RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.**

Á vista da proposta do tribunal e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá ao nomeamento do funcionario interino. A toma de posesión farase no prazo máximo de dous días dende a notificación da resolución.

#### **10.- NORMATIVA.**

No non sinalado nas presentes bases estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local e resto de normas que resultaren de aplicación.

En canto á posibilidade de dirimir controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **11.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xermade, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Xermade, a 18 de outubro de 2018.- O Alcalde - Presidente, Roberto García Pernas.

#### **ANEXO I.- TEMARIO**

##### **A) MATERIAS COMÚNS.**

**Tema 1.-** A Administración Local.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O Concello de Xermade. Órganos de decisión colexiados e unipersonais. Características socioeconómicas, demográficas e xeográficas do Concello de Xermade.

##### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 2.-** O condutor: Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Permiso e licenzas de conducción: clases e vehículos que autorizan a conducir.

**Tema 3.-** As sinais de circulación: normas xerais. Sinais verticais. Marcas viarias. Sinais de balizamento. Semáforos. Sinais e ordes dos axentes de circulación.

**Tema 4.-** O accidente de circulación: comportamento en caso de accidente. Delitos contra a seguridade do tráfico. Noción básicas de primeiros auxilios.

**Tema 5.-** Os tractores. Partes de que se compoñen. Traballo que poden realizar. Precaucións específicas no traballo destas máquinas. Coidados e mantemento.



---

**Tema 6.-** A Seguridade no traballo dos tractoristas. Estudo da sinalización de seguridade no traballo. Os Equipos de Protección Individual (EPIs).

## ANEXO II

**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PROGRAMA DE EMPREGO "PEÓN DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS 75% DA XORNADA- 10 MESES E 6 MESES"**

## DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	
DATA DE NACEMENTO		D.N.I.		NACIONALIDADE	
ENDEREZO					
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TLF. MÓBIL	E-MAIL	

## DECLARO:

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

**SEGUNDO.-** Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

**TERCEIRO.-** Que autorizo ó Concello do Xermade para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**CUARTO.-** Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da tarxeta de demandante ou de mellora de emprego
- Acreditación do nivel de galego (CELGA 1), de estar en posesión do mesmo.
- Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Sinatura

....., ..... de.....de 2018

## SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE

- Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE XERMADE para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ó CONCELLO DE XERMADE na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección **Praza do Concello s/n. 27833. Xermade.- LUGO.**"

O que asino en Xermade, 31 de outubro de 2018.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3069

### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2018 aprobáronse as bases que de seguido se transcriben:

**“BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DUN OFICIAL DE 1ª DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS PARA REALIZAR TRABALLOS DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS, AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO PERTENCENTE AO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación de un oficial de 1ª de edificación, a xornada completa (40 horas semanais).

Serán funcións principais a desempeñar polo/a contratado/a a de mantemento e limpeza de espazos públicos.

#### **2.- MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.**

As prazas son de persoal funcionario interino por execución de proxectos de carácter temporal (art. 10.1.c) do RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Encádranse no proxecto nomeado “Depuemprego” financiado pola Deputación de Lugo, que finaliza o 30 de setembro de 2019.

A duración dos contratos será de 10 meses como máximo, ou ata o 30 de setembro de 2019 en todo caso.

O posto pertence ao grupo C, subgrupo C2. O complemento de destino é o 16 e o complemento específico é de 2.358,82 euros (en 14 pagas). As retribucións mensuais serán de 1.381.55 euros brutos (incluída a prorrata da paga extra).

#### **3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Titulación esixida: Graduado Escolar, Bachiller Elemental, Enseñanza Secundaria Obligatoria - LOGSE, Formación Profesional de primeiro grado ou equivalente.
- f) Permiso de conducir B1.
- g) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 2 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame).
- h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada.

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### **4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o **modelo previsto no Anexo II das bases de selección**, ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Xermade, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas (neste caso, deberá comunicarse

previamente mediante fax ao número 982501027), no prazo de cinco (5) días naturais, contados dende o seguinte ao da **publicación da convocatoria no BOP**. As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

**Documentación que debe acompañar á solicitude:**

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante ou de mellora de emprego
- c) Acreditación do nivel de galego (CELGA 2), de estar en posesión do mesmo.
- d) Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

**Forma de acreditación dos méritos:**

- a) Experiencia Profesional e Servizos Prestados en postos de traballo cuxo contido funcional sexa idéntico ao emprego convocado: Acreditarase mediante presentación de Informe de Vida Laboral e copia simple dos contratos de traballo ou nóminas (experiencia en empresas privadas) e contrato de traballo ou certificación de servizos acreditativa emitida polas administracións públicas.
- b) A situación persoal acreditarase achegando fotocopia simple dos documentos oficiais que os acrediten.

**5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o **concurso-oposición**.

**5.1.- Fase de oposición:** Puntuación máxima 7 puntos.

- a) **Proba teórica:** Realizarase un exame tipo test común para todos os postos aos que opte o aspirante en base ao temario que figura no **Anexo I**. Terá carácter eliminatorio.

A puntuación máxima da proba será de **3 puntos**.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test baseadas no contido do programa da convocatoria que figura como **Anexo I** das presentes bases.

Será necesario obter unha puntuación de 1,5 puntos para superar esta proba, que ten carácter eliminatorio.

- b) **Proba práctica:** A puntuación máxima desta proba será de **4 puntos**.

Realizarase xusto despois do exame tipo test, e nela participarán aquelas persoas que superaran a proba tipo test, segundo o criterio do tribunal. Consistirá na realización dunhas tarefas básicas con maquinaria e ferramentas necesaria para o desempeño das funcións do posto. Se o tribunal o cree necesario poderá realizar unhas preguntas tipo test.

Será necesario obter unha puntuación de 2,00 puntos para superar esta proba. Tamén terá carácter eliminatorio.

**5.2.- Fase de concurso: Méritos computables: (3 puntos).**

Únicamente se valorarán os méritos daquelas persoas que superaran a fase de oposición.

**1.a) Experiencia profesional e servizos prestados:** A puntuación máxima para este apartado é **de 2 punto**.

- Por prestación de servizos en concellos, en igual posto de traballo ao convocado ( peón condutor) : **0,10 puntos/mes completo**.

- Por prestación de servizos noutras administracións públicas ou empresas privadas, en igual posto de traballo ao convocado (peón de edificación e obras públicas) : **0,05 puntos/mes completo**.

**1.b) Terase en conta aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. A puntuación máxima para este apartado é de 1 punto.**

- Parados/as de longa duración ( **0,2 ptos**)
- Persoas con discapacidade (**0,2 ptos**)
- Persoas vítimas de violencia de xénero (**0,2**)
- Mulleres maiores de 45 anos (**0,2**)
- Maiores de 45 anos (**0,2**)

**5.3.- Proba de galego.**

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."*

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado no apartado 3.f desta bases, deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente:

- a) Na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán, ou
- b) Nunha proba oral se nas funcións a realizar se emprega o galego maioritariamente na súa forma oral. Esta proba oral só se poderá realizar se o nivel de Galego esixido e o Celga 1, Celga 2, niveis equivalentes da Escola Oficial de Idiomas ou Curso de Iniciación da lingua galega.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

## 6.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

### 6.1.- Desenvolvemento:

Por resolución da alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos, a composición do tribunal e a data do exame, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**A realización dos exercicios do exame** terá lugar no día e datas sinalados na publicación da lista definitiva na nave do concello no Parque Empresarial de Xermade.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e dos **medios materiais apropiados para realizar as probas (bolígrafo, roupa e zapato cómodo para a práctica)** e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

A puntuación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

### 6.2.- Tribunal cualificador:

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía – Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, alomenos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a presidencia e a secretaría ou persoas en que deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 de lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por elas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou os procesos selectivos un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

### 7.- PROPOSTAS DE SELECCIÓN.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde – Presidente dita relación para a súa aprobación.

A selección recaerá no aspirante que obteñan maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que, sen ser seleccionados, aprobaron todas as probas coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

#### **8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo máximo de dous días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de anuncios do concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente cotexados.
- Copia cotexada da titulación esixida.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos termos o acceso ao emprego público.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.

#### **9.- RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.**

Á vista da proposta do tribunal e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá ao nomeamento do funcionario interino. A toma de posesión farase no prazo máximo de dous días dende a notificación da resolución.

#### **10.- NORMATIVA.**

No non sinalado nas presentes bases estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local e resto de normas que resultaren de aplicación.

En canto á posibilidade de dirimir controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **11.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xermade, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Xermade, a 18 de outubro de 2018.- O Alcalde – Presidente, Roberto García Pernas

#### **ANEXO I.- TEMARIO**

##### **A) MATERIAS COMÚNS.**

**Tema 1.-** A Administración Local.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O Concello de Xermade. Órganos de decisión colexiados e unipersonais. Características socioeconómicas, demográficas e xeográficas do Concello de Xermade.

##### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 2.-** Nocións básicas sobre utilización de ferramentas empregadas nos seguintes oficios: albanería, carpintería, fontanería, saneamento, electricidade, limpeza e coidado de xardíns e espazos públicos.

**Tema 3.-** Nocións básicas sobre utilización de “andamios”, puntais e entibacións.

**Tema 4.-** Normativa reguladora da sinalización e saúde no traballo. Estudo da sinalización de seguridade no traballo.

**Tema 5.-** A Seguridade no traballo: Os Equipos de Protección Individual (EPIs).

## ANEXO II

**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PROGRAMA DE EMPREGO "OFICIAL DE 1ª DE EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS - GRUPO C2"**

## DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	
DATA DE NACEMENTO		D.N.I.		NACIONALIDADE	
ENDEREZO					
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TLF. MÓBIL	E-MAIL	

## DECLARO:

**PRIMEIRO.-** Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

